

## TAREFAS PARA REALIZAR DO 14 AO 17 DE ABRIL

### EXERCICIOS DE LECTOESCRITURA

. **EXERCICIO 1.** Xogar coas vogais máis traballadas ata o de agora (A, E, I) na seguinte aplicación: instalar **Bini Super ABC juego! Juegos educativos para niños** (<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.binibambini.abc&hl=es>), xogando o/a neno/a poderá aprender a escribir e pronunciar letras, así como a desenvolver habilidades de lectura.

. **EXERCICIO 2:** Realizar os trazos das vogais máis traballadas ata o de agora (A, E, I) na seguinte aplicación: **Escribir alfabeto-Aplicaciones en google play** (<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.aprenderJugando.alfabeto&hl=es>)

Escoitar a seguinte canción das vogais: La canción de las Vocales A E I O U El Mono Sílabo Educación Infantil Lunacreciente (<https://youtu.be/DDg0cHSR1wY>)

### TALLERES DAS SESIÓNS DE PROXECTOS:

. **Taller de plástica:** Realiza un debuxo daquelo que foi o que máis che gustou que fixeches nas vacacións de Semana Santa.

. **Taller de lectoescritura:**

Visualización do conto: "Bailar nas nubes" (<https://youtu.be/h5kscDxvtOs>).


Realizar preguntas de comprensión do conto, tales como: Cal era o soño da protagonista do conto? Conseguiu a protagonista do conto bailar coas nubes? Como o conseguiu? Que pasou na aldea da protagonista do conto? Gustaríache bailar entre as nubes?

Debúxate bailando entre as nubes, cubre as nubes con algodón e completa o debuxo con todos os elementos que a ti se che ocorran (podes poñerte pequenos fíos de lá para facer o cabelo, etc).

Escoitar e visualizar a canción "Nubes - Alegría":  
<https://youtu.be/4dMoJWPME9g>

### EDUCACIÓN EMOCIONAL (só o grupo A).

Mostrarlle cada unha das emocións que se mostran a continuación, o/a neno/a deberá adiviñar de qué emoción se trata. Posteriormente, que o/a neno/a escolla unha das emocións, que a represente mimicamente e con xestos, os demais membros da familia deberedes adiviñar de qué emoción se trata, o/a que o adiviñe deberá escoller outra emoción, representala e o resto tratar de adiviñala.





### SESIÓNS DA TARDE (só o grupo A)

- Visualizar aqueles contos que queirades en: Contos contados-Kalandraka TV (<http://www.kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33>). Realizar preguntas de comprensión dos contos que vexades.
- Escoita de cancións infantís acompañadas de baile en you tube para entreterse, bailar... tales como:
  1. Fun ao mercado ([https://youtu.be/yEhQr\\_ROsJ0](https://youtu.be/yEhQr_ROsJ0))
  2. Canción dos dedos dos mans (<https://youtu.be/PxzGHfyaMPYRadio>)
  3. Canción "A miña tía" de Mamá cabra (<https://youtu.be/dhiR4si1hK8>)